

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO**  
*(solicitado a instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación)*  
**27 DE NOVIEMBRE DE 2024**  
*(aprazado do luns 25 de novembro)*

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as dezanove horas do **mércoles 27 de novembro de 2024-aprazado do luns 25 de novembro-** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o 20-11-2024*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario solicitado a instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación (rex de entrada nº 27958 de 13 de novembro de 2024).

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según **Decreto de Alcaldía de data 20 de novembro de 2024.**

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Juana María Brión Santamaría
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos,
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer



A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, D. Pablo Bao Castro.

Antes de començar a Sesión o **Sr. alcalde-presidente** agradece a todos os grupos políticos con representación municipal a súa boa disposición á hora de aprazar a celebración do presente pleno, previsto inicialmente para o luns día 25 de novembro, por mor do pasamento do pai do grupo municipal do PBBI D. Vicente Mariño de Bricio.

### ORDE DO DÍA

#### **PUNTO ÚNICO:-"CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE RIBEIRA Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO"**

Toma a palabra a **Sra. Dna. María José Sampedro Fernández, concelleira voceira do grupo municipal do PP**, para poñer en coñecemento do Pleno a seguinte proposta.

*"María J. Sampedro Fernández, coma voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ribeira, ao abeiro do Artigo 95.2 do Regulamento Orgánico Municipal, en representación de todos os membros do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Rlbeira, solicito a convocatoria dun pleno extraordinario, con un único punto na orde do día : "Concesión da Medalla de Ouro do Concello de Ribelra á Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño" coma recoñecemento ao labor desenrolado nos seus cen anos de historia consolidándose coma referente económico , social e cultural do noso municipio.*

*A historia do mar en Galicia está intimamente ligada á historia dos pósitos de Pescadores e no noso concello non podería ser doutra maneira así, o 19 de Outubro de 1924 nace o pósito de Pescadores de Carreira, xermolo da Confraria de Pescadores de Carreira e Aguiño, reunidos no nº 17 do lugar de Campos de Arriba, nunha xuntanza constitucional en presenza de 22 veciños e na que se elixiu a seguinte Xunta de Goberno:*

*Presidente: Andrés de Dios Álvarez  
Vicepresidente: Andrés Pérez Campos  
Contador: Manuel Gude  
Tesoureiro: Ángel Monteagudo  
Vogal 1: Salvador Reiriz  
Vogal 2: José Luis Santos  
Vogal 3: Ángel Sampedro  
Vogal 4: Juan Rey  
Secretario :Manuel Paz*

*Coma primeira actuación, este grupo de veciños, solicitan a aprobación do Regulamento da asociación ao Director Xeral de Navegación e Pesca. A natureza desta fundación está na necesidade cultural, educativa e mutualista dos pobos de Carreira e Aguiño, isto queda de manifesto ao decidir crear por unanimidade dúas escolas de ensinanza xeral e profesional as que se denominan "asociacións culturais".*

*Desde as súas orixes,o pósito velou por mellorar as condicións de vida das xentes do mar, supoñendo o inicio do asociacionismo pesqueiro no naso municipio . Nace unha entidade protagonista da economía de Ribeira e que pronto se convertería nun referente polo seu porto, non só en Galicia senó tamén en España: A CONFRADÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO.*

*Este organismo comeza a funcionar activamente dende o seu inicio, realizando numerosas melloras sociais na parroquia de Carreira e no pobo de Aguiño . Pódense destacar como unhas das primeiras decisións, e á vez de mais calado, a creación dunha Cooperativa de Consumo con subvención da Caixa Central de Crédito Marítimo para a adquisición de artigos de pesca e de primeira necesidade. Tamén son sabedores da falta de asistencia médica naqueles momentos e das condición precarias de acceso á sanidade dos veciños, polo que o pósito contrata a un médico cunha axuda da Caixa de Crédito e as achegas dos socios.*



Podemos analizar a importancia que supón a posta en marcha da contraría fai cen anos dende tres aspectos de importancia, tanto nos seus inicios como en tempos presentes:

*-Dende o punto de vista económico, a Confraría converteu ao porto de Aguiño nun referente pesqueiro e marisqueiro ata consolidarse coma un dos máis importantes na descarga de percebe, con 50 toneladas ao ano aproximadamente, e de ourizo, con 60 toneladas ano aproximadamente, especies máis salientables na nosa lonxa sen deixar de lado a navalla ou a ameixa, entre outras. A contraría foi, e segue a ser, un referente no sector, evolucionando mediante a implantación de novidades tecnolóxicas, partindo dende os modestos medios cos que contaban nos seus orixes, ou con iniciativas enfocadas ao sector turístico que se ven implantadas na súa lonxa e nas que contan con proxectos innovadores.*

- *Na faceta social, a Confraría sempre se conformou por órganos elixidos democraticamente (cabidos e assembleas) ocupando os postos de representación social persoas de todos os estratos das xentes do mar, preocupándose do benestar dos pescadores, mariscadores e das súas familias, conseguindo cobertura sanitaria para cubrir as necesidades sanitarias de toda a poboación e tamén educativa, ambas acordes ás necesidades e medios de cada momento.*

*Ademais, foi una entidade sempre involucrada e comprometida coas iniciativas tanto sociais coma benéficas.*

- *No plano cultural, como xa se relatou, dende os seus inicios a Confraría combateu o analfabetismo imperante a principios do século XX, sempre velando pola formación náutico pesqueira das súas xentes, e preservando as tradicións mariñeiras a través de xeracións. E na actualidades acaban de organizar o Primeiro Seminario sobre as Confrarías de Pescadores como Modelo para un Ordenamento da Pesca na Galicia do Século XXI.*

*Hoxe en día a natureza xurídica da Contraría de Pescadores de Carrelra e Aguiño é a de unha "corporación de dereito público" integrada nas diferentes Federacións de Contrarías de ámbito tanto provincial coma autonómico e nacional e que pertence á denominada "economía social" por ser asociacións populares e/ou cooperativas que funcionan democraticamente.*

*A Confradía de Pescadores de Carreira e Aguiño exerce un papel fundamental de colaboración active coas Administracións pesqueiras en materias tales coma a ordenación e coidado do medio mariño para unha mellor xestión dos caladoiros locais e fomentando a súa sostibilidade. Colabora coma órgano de consulta e colaboración na protección do medio mariño, e é actor principal da pesca sostible e contribúe activamente na modernización e innovación en todas as súas facetas coma a produción e comercialización.*

*Por todo o aquí exposto creemos que a Confradía de Pescadores de Carreira e Aguiño é merecedora de recibir a máis alta distinción do noso Concello de Ribeira coa concesión da Medalla de Ouro, e débesele outorgar este recoñecemento para honrar a esta entidade en xeral pero tamén para honrar a todos e cada un dos membros desta entidade dende os seus inicios ate a día de hoxe, pola súa labor non so no ámbito económico do sector do mar senón tamén pola súa labor tanto social coma cultural levada a cabo ó longo destes últimos cen anos.*

Ribeira, 13 de novembro de 2024.

Firmado:

María José Sampedro Fernández      Ana Isabel Barreiro Rego

Alejandro Vidal Álvarez                      Carmen Pérez Gómez

Juana María Brión Santamaría      Ramón J. Doval Sampedro”



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposta transcrita co seguinte resultado:

*(antes da votación auséntase o Sr. Abraldes Pérez, concelleiro do grupo municipal do PBBI, ó concorrer na súa persoa causas de abstención ao abeiro do disposto no artigo 76 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público)*

**-VOTOS A FAVOR:** 20 (10 PP, 5 BNG, 4 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA:** 0

**-ABSTENCIÓNS:** 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobala proposta transcrita sobre "**CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO DE RIBEIRA Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO**" e, en consecuencia aproba:

**Primeiro:**-Conceder á Confradía de Pescadores de Carreira e Aguiño a máis alta distinción do Concello de Ribeira, a Medalla de Ouro, en recoñecemento para honrar a esta entidade en xeral pero tamén para honrar a todos e cada un dos membros desta entidade dende os seus inicios ate a día de hoxe, pola súa labor non so no ámbito económico do sector do mar senón tamén pola súa labor tanto social coma cultural levada a cabo ó longo destes últimos cen anos.

**Segundo:**-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **19 horas e 25 minutos** do día da data do que eu, como secretario dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo. Luís Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

